



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE TRES POSTOS DE PEON/PEOA FORESTAL, AO ABEIRO DO PROGRAMA APROL RURAL 2025 (EXP. 2025/E001/000002)

En Ponteceso, sendo as 10:30 horas do día 7 de xullo de 2025, na Biblioteca Pública de Ponteceso comparecen os membros do tribunal que xulga o proceso selectivo, polo sistema de oposición, para a provisión de tres postos de traballo de peón/peoa forestal, persoal laboral temporal a tempo completo, por un período de 9 meses, para desenvolver o "Plan de limpeza de pistas forestais de Ponteceso", de acordo coa subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao abeiro da Orde do 5 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025, publicada no DOG núm. 50 do 13 de marzo de 2025.

Constitúese polo presidente nesta data e hora o tribunal nomeado pola resolución de Alcaldía núm. 544/2025 de data 03-07-2025, asistindo os seguintes membros titulares:

Presidente: Rubén Pérez Cotelo, persoal laboral fixo, coordinador do GES.

Vogais:

Alejandro Rodríguez Cruz, persoal laboral fixo, condutor de obras e servizos do Concello de Ponteceso

M^a Isabel Amado Rodríguez, persoal laboral fixo do GES de Ponteceso

M^a José Fondo Balsas, funcionaria, policía local do Concello de Ponteceso

Secretaria: M^a José Sueiro Pose, funcionaria do Concello de Ponteceso

A convocatoria e as bases aprobáronse pola resolución de Alcaldía núm. 495/2025, do 18 de xuño de 2025, publicándose o anuncio no BOP núm. 118, do 23 de xuño de 2025, taboleiro da sede electrónica municipal e páxina web.

Pola resolución núm. 544/2025 do 03-07-2025 aprobouse a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, que se eleva automaticamente a definitiva ao non presentarse reclamacións. Nela convocábase aos membros do tribunal cualificador e aos aspirantes admitidos para a realización do proceso selectivo o luns, 7 de xullo de 2025, na Biblioteca Pública municipal, ás 10:30 horas para a súa constitución, ás 10:40 horas para a realización da proba práctica correspondente á fase de oposición e ás 12:30 horas para o desenvolvemento da proba de coñecemento de lingua galega polo aspirantes que non acreditaron o nivel Celga 1 ou equivalente, conforme á base 10^a.

Sendo as 10:40 horas realízase o chamamento aos aspirantes admitidos no proceso selectivo co seguinte resultado:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PRESENTADO
1	COLLAZO ROMAR, M ^a TERESA	***1528**	SI



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	PRESENTADO
2	FERNANDEZ MIRA, M ^a ARGENTINA	***6725**	SI
3	FERREIRO GONZALEZ, JOSE LUIS	***6284**	SI
4	IGLESIAS LOPEZ, JESUS FRANCISCO	***1251**	SI
5	PARGA POMBO, JOSHUA	***4553**	NON
6	POSE ANDRADE, JESUS	***1159**	SI
7	POSE CALO, CARMEN	***6891**	SI
8	RELLAN COUSILLAS, M ^a GUADALUPE	***3459**	SI
9	REY VARELA, JOSE JESUS	***7919**	SI
10	TRIGO CAMBÓN, DIEGO	***2151**	SI
11	VENTURA VIDAL, ERNESTO	***6878**	SI
12	VIDAL RODRIGUEZ, YOLANDA	***1692**	SI

O aspirante non presentado, JOSHUA PARGA POMBO, considérase excluído do procedemento selectivo.

Ás 10:45 horas procédese ao inicio da fase de oposición, no que corresponde á realización da proba práctica, de conformidade co establecido nas bases do proceso selectivo, base 10^a, A1, que establece o seguinte:

“Consistirá na realización dunha proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio, relacionada coas funcións propias dos postos de traballo obxecto da convocatoria sinaladas na base 2^a, a determinar polo tribunal avaliador antes da realización da mesma, nun tempo máximo que tamén determinará o tribunal segundo a dificultade do exercicio.

Este exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos, sendo excluídos/as os/as aspirantes que non acaden un mínimo de 10 puntos. Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a puntuación mínima.

Valorarase a rapidez, habilidade e a destreza na execución da proba, a precisión e limpeza dos traballos e o resultado final acadado”

O tribunal propón a realización da proba práctica, que consistirá no seguinte:

Acendido, manexo e funcionamento da maquinaria de corte (rozadora) e do emprego dos EPIs necesarios e imprescindibles para a súa utilización. Colocación dos EPIs necesarios para cada maquinaria e realización de corte de xardín (rozadura).



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

As puntuacións que se outorgan na fase de oposición terán unha valoración máxima de 20 puntos. Os aspirantes que non acaden a cualificación mínima de 10 puntos quedarán excluídos do procedemento.

Consonte á base 9ª.2 a orde de actuación das persoas aspirantes empezará por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola **letra "F" (BASE 9ª.2)**

Non se presenta ao chamamento efectuado para a realización da proba práctica JESUS FRANCISCO IGLESIAS LOPEZ, polo que se exclúe do proceso selectivo.

Realizada a proba, a puntuación outorgada e acadada polos/as aspirantes é a seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN PROBA PRÁCTICA
FERNANDEZ MIRA, Mª ARGENTINA	***6725**	16
FERREIRO GONZALEZ, JOSE LUIS	***6284**	18
POSE ANDRADE, JESUS	***1159**	0
POSE CALO, CARMEN	***6891**	0
RELLAN COUSILLAS, Mª GUADALUPE	***3459**	0
REY VARELA, JOSE JESUS	***7919**	18
TRIGO CAMBÓN, DIEGO	***2151**	17
VENTURA VIDAL, ERNESTO	***6878**	20
VIDAL RODRIGUEZ, YOLANDA	***1692**	10,5
COLLAZO ROMAR, Mª TERESA	***1528**	0

Os aspirantes que non acadaron a puntuación mínima de 10 puntos quedan excluídos do proceso.

A continuación, sendo as 11:45 horas, procédese á realización da proba de coñecemento da lingua galega aos aspirantes que non acreditaron o nivel Celga 1 ou equivalente, de conformidade co establecido na base 10ª, A2.

A proba consiste na tradución dun texto, proposto polo Tribunal, do galego ao castelán durante un tempo máximo de 30 minutos, cualificándose con APTO ou NON APTO. Os declarados non aptos quedarán excluídos do proceso selectivo.

Concorren á realización da proba os seguintes aspirantes, aos cales se lles outorga a seguinte cualificación:



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN PROBA GALEGO
FERNANDEZ MIRA, M ^a ARGENTINA	***6725**	APTA
VENTURA VIDAL, ERNESTO	***6878**	APTO

Polo exposto, o Tribunal acorda, por unanimidade, o seguinte:

Primeiro: Elevar á Alcaldía a **PROPOSTA DE APROBADOS**, segundo a maior cualificación obtida no proceso selectivo, para a cobertura de tres prazas de persoal laboral temporal, peón/peoa forestal, grupo profesional V, grupo 10 de cotización á Seguridade Social, ao abeiro do Programa APROL 2025, composta polos seguintes aspirantes:

N ^a	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN
1	VENTURA VIDAL, ERNESTO	***6878**	20
2	FERREIRO GONZALEZ, JOSE LUIS	***6284**	18
3	REY VARELA, JOSE JESUS	***7919**	18

Os aspirantes propostos deberán presentar a seguinte documentación preceptiva para a formalización do contrato que se especifica na base 12^a:

- Orixinal ou copia autenticada do Documento Nacional de Identidade.
- Certificado/informe médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- Declaración xurada de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- Xustificante orixinal de estar desempregado/a no momento de inicio da relación laboral.
- Certificado de conta bancaria

Segundo: Elevar a proposta de formación dunha **LISTAXE DE RESERVA** de peóns/peoas forestais, persoal laboral temporal, Programa Aprot 2025, formada polas persoas candidatas que tendo superado o proceso selectivo non obtiveron praza, pola orde de puntuación obtida:



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUALIFICACIÓN
1	TRIGO CAMBÓN, DIEGO	***2151**	17
2	FERNANDEZ MIRA, M ^a ARGENTINA	***6725**	16
3	VIDAL RODRIGUEZ, YOLANDA	***1692**	10,5

Terceiro: Publicar esta acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal e na páxina web, para os efectos de publicidade e xeral coñecemento, outorgando aos aspirantes un prazo de **2 días hábiles**, aos efectos da presentación de reclamacións ás puntuacións provisionais.

O presidente do tribunal dá por finalizada a reunión, sendo as 13:00 horas do día 7 de xullo de 2025, redactándose a presente acta, que asinan electronicamente todos os membros do tribunal, do que eu, secretaria, dou fe.

Polo tribunal,

O presidente:

A secretaria:

Rubén Pérez Coteló

M^a José Sueiro Pose

Os vogais:

Alejandro Rodríguez Cruz

M^a Isabel Amado Rodríguez

M^a José Fondo Balsas